



**Concello de  
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax: 986 554 069

**DILIXENCIA.-** Se estende para facer constar que o expediente de contratación do que forma parte o presente Prego foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 31 de maio de 2016.

O SECRETARIO XERAL.-



Asdo: Javier Bouzada Romero.

**PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS REGULADORAS DA CONTRATACIÓN POLO  
PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE DO SERVIZO DE MEDIACIÓN  
DE SEGUROS PRIVADOS DO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA.-**

**ÍNDICE**

CLAUS. 1ª- OBXECTO E FINALIDADE

CLAUS. 2ª- TIPOS DE SERVIZOS E PRODUCTOS CONTEMPLADOS NO  
CONTRATO

CLAUS. 3ª- CAUSAS ESPECÍFICAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO

**CLÁUSULA 1ª.- OBXECTO E FINALIDADE.-**

O obxecto do presente prego é regular as condicións técnicas que rexerán a contratación dos servizos de mediación e asesoramento preparatorios da formalización dos contratos de Seguros Privados deste concello e a posterior asistencia ao mesmo nos termos e condicións da Lei 26/2006, de 17 de xullo, de Mediación de Seguros e Reaseguros Privados

Os servizos descritos no presente prego e no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) referiranse aos seguintes grupos de risco:

- Riscos derivados da responsabilidade civil/patrimonial, derivada dos bens e dereitos que integran o patrimonio do Concello de Vilanova de Arousa, así como dos empregados públicos ao seu servizo e, no seu caso, dos cargos e autoridades de carácter político do mesmo, no exercicio e desenvolvemento das súas funcións e/ou competencias, ou da propia actividade da administración local.
- Riscos patrimoniais (continente e contido) derivados dos bens mobles e inmobles que integran o patrimonio do Concello de Vilanova de Arousa, incluídos os bens de



## Concello de Vilanova de Arousa

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax: 986 554 069

- carácter histórico-artístico e documental.
- Riscos patrimoniais, persoais e de responsabilidade civil derivados do uso de vehículos a motor que integran o patrimonio do Concello de Vilanova de Arousa, tales como seguros de responsabilidade civil de subscrición obrigatoria, seguros de subscrición voluntaria, a todo risco, de incendio, roubo, lunas, defensa e reclamación de danos, asistencia en viaxe e calquera outros análogos ou conexos cos anteriores.
  - Riscos patrimoniais derivados do uso dos equipos electrónicos propiedade da Corporación, incluídos os equipos informáticos, seu mobiliario e maquinaria (servidores, ordenadores, impresoras, bastidores, ups e outros) e as instalacións de ditos equipos.
  - Outros riscos aos que poda resultar exposto o concello de Vilanova de Arousa por mor da súa actividade propia como Administración Local.

Os riscos persoais nas súas diferentes ramas de accidentes de vida e outros análogos non se constitúen en áreas de risco incluídas na presente contratación, sen prexuízo de que o Concello de Vilanova de Arousa, previo acordo expreso co adxudicatario, así o decida en función das súas necesidades.

### **CLAUSULA 2ª.- TIPOS DE SERVICIOS E PRODUCTOS CONTEMPLADOS NO CONTRATO.-**

O adxudicatario do contrato prestará baixo a supervisión dos Departamentos de Secretaría e de Intervención do concello os seguintes servizos:

#### **A) Respecto das obrigas relacionadas coas propostas de aseguramento e asistencia na súa contratación:**

1.- Definición, análise e avaliación das necesidades que en materia de aseguramento precisa o Concello de Vilanova de Arousa, con especial énfase nas vantaxes e carencias das pólizas subscritas actualmente. Este traballo comprende as seguintes prestacións:

- ❖ Colaborar no deseño do programa de seguros máis adecuado ás necesidades do Concello de Vilanova de Arousa.
- ❖ Prestar asesoramento por técnicos especializados na análise de riscos ao obxecto de conseguir melloras nas condicións técnicas e económicas contratadas.
- ❖ Propoñer a contratación de novos seguros en función das necesidades do Concello de Vilanova de Arousa.
- ❖ En particular, preparar a refundir nun solo contrato



Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

## Concello de Vilanova de Arousa

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax: 986 554 069

de seguro as dúas pólizas que na actualidade ten subscritas o concello en materia de responsabilidade civil.

2.- Xestionar, dentro do prazo establecido aos efecto en cada un dos contratos vixentes, a notificación ás respectivas compañías aseguradores de que as pólizas rematan a súa vixencia o día 31 de decembro de 2016, quedando as mesmas sen efecto.

**Prazo de execución.-** Tendo en conta que todas as pólizas contratadas na actualidade polo concello de Vilanova de Arousa teñen o seu vencemento o día 31 de decembro de 2016 e que antes da dita data deberán estar licitados e asinados os contratos de seguros coas empresas adxudicatarias, esta traballo e o sinalado no primeiro parágrafo do seguinte apartado (confección e redacción dos pregos de prescricións técnicas) deberán estar concluídos e entregados ao concello no prazo máximo de dous meses a contar desde a sinatura do contrato.

2.- Asesoramento no expediente de adxudicación dos contratos de seguros que se liciten. Este asesoramento comprenderá:

- ❖ Asesoramento na confección e redacción dos pregos de prescricións técnicas para a contratación de seguros privados do Concello de Vilanova de Arousa nas distintas áreas de risco relacionadas na cláusula seguinte.
- ❖ Participación nos procedementos de selección de empresas de seguros adxudicatarias dos contratos de seguros mediante a elaboración dos informes técnicos relacionados cos criterios obxectivos de adxudicación dos ditos contratos establecidos polo Concello de Vilanova de Arousa que lle poidan ser solicitados pola Mesa de Contratación ou polo órgano de contratación respecto das ofertas presentadas.

### **B) Respecto das obrigas en relación cos seguros concertados coa intermediación dos adxudicatarios son as seguintes:**

1.- Prestar asesoramento con carácter posterior á adxudicación dos contratos de seguro na tramitación dos incidentes, reclamacións ou danos que se poidan presentar ou producir durante a vixencia deste contrato. Este asesoramento incluírá a obriga de intermediar nas relacións necesarias coas Entidades Aseguradoras adxudicatarias dos contratos de seguros do Concello de Vilanova de Arousa, conforme aos seguintes protocolos base de actuación:

- O corredor ou a correduría de seguros adxudicataria está



## Concello de Vilanova de Arousa

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com


Tfnos.: 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax: 986 554 069

obrigado/a a facilitar ao tomador, ao asegurado e ao beneficiario do seguro a información que reclame sobre calquera das cláusulas da póliza e, no seu caso de sinistro, a prestarlle asistencia e asesoramento.

- Recepción, información e traslado para o seu pagamento dos recibos dos seguros.
- Comunicación á Entidade Aseguradora dos sinistros producidos no prazo e segundo os requisitos establecidos, requirindo do Concello de Vilanova de Arousa a documentación precisa.
- Control do expediente de sinistro e xestión do cobro da indemnización.
- Recepción, información e traslado ao Concello de Vilanova de Arousa e ao beneficiario das indemnizacións que procedan.
- Mediación entre as Entidades Aseguradoras en defensa dos intereses do Concello de Vilanova de Arousa.
- O corredor ou a correduría de seguros será responsable ante o Concello de Vilanova de Arousa, das deficiencias ou imperfeccións que reduzan ou anulen os efectos da póliza concertada coa súa intervención e que lle sexan imputables, polo que o Concello poderá esixir do adxudicatario o resarcimento dos danos e prexuízos que a súa actuación causase.

2.- Efectuar o seguimento de toda a siniestralidade ocorrida con cargo ás distintas pólizas contratadas, o que inclúe prestar asistencia técnica e asesoramento ao Concello de Vilanova de Arousa no caso de sinistro, proporcionando información periódica sobre as actuacións seguidas e, especialmente, na peritación, valoración e liquidación, conforme aos seguintes protocolos base de actuación:

- O corredor ou correduría de seguros adxudicatario/a recibirán os comunicados de sinistros dos diferentes departamentos/negociados, segundo proceda, do Concello de Vilanova de Arousa e inmediatamente o comunicarán á entidade aseguradora, recadando a información que sexa necesaria, tanto por parte dos sinistrados, como por parte da entidade aseguradora: o adxudicatario terá a obriga de introducir e manter actualizada esta información achegándoa ao Concello.
- Anualmente, o corredor ou correduría de seguros adxudicatario/a deberá de presentar, en soporte dixital, os datos referentes aos sinistros declarados pechados e pendentes do período en cuestión, así coma calquera modificación que se puidera producir, clasificando dita información por pólizas e servizos xestores.



## Concello de Vilanova de Arousa

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax: 986 554 069

- O corredor ou a correduría de seguros adxudicatario/a deberá de confeccionar informes periódicos (semestrais) nos que se reflicta a situación dos contratos de seguros subscritos, así como facilitar debidamente revisadas as pólizas de seguros, como máximo dentro dos trinta (30) días seguintes á data de efecto das mesmas.
- O corredor ou a correduría de seguros adxudicatario/a deberá de confeccionar informes cunha antelación dun mes ao vencemento dos contratos de seguro no que se reflicte a estatística do mesmo e a súa situación actual
- O corredor ou a correduría de seguros adxudicatario/a deberá de confeccionar estatísticas periódicas (trimestrais) de sinistros declarados pechados e pendentes
- O corredor ou a correduría de seguros adxudicatario/a deberá de confeccionar informe anual sobre o resultado da xestión dos seguros.
- Emitir e entregar informe, cuando lle sexa solicitado polo concello, sobre calquier materia de seguros, no prazo máximo de 15 días hábiles. En supostos de urxencia o prazo se reducirá a 10 días.
- O corredor ou a correduría de seguros adxudicatario/a deberá prestar calquera outros servizos que, relacionados co obxecto do contrato e en función do seu carácter análogo, concorrente ou complementario, sexa procedente prestar.

### **CLAUSULA. 3ª- CAUSAS ESPECÍFICAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO.-**

Son causas específicas da resolución do contrato, ademais das xerais relacionadas nos PCAP, as seguintes:

1.- A información filtrada do corredor a terceiros da materia obxecto do contrato.

2.- A perda dalgún requisito legal para ostentar a condición de mediador de seguros por sanción administrativa e por incorrer nas incompatibilidades recollidas na Lei 26/2006 de Mediación de Seguros e Reaseguros Privados.

3.- A perda de obxectividade do corredor ou correduría de seguros ao participar no seu capital social persoa física ou xurídica cunha participación significativa (50%) simultaneamente vinculada na de calquera entidade aseguradora adxudicataria dos concursos de aseguramentos dos riscos do Concello de Vilanova de Arousa.

4.- O cambio substancial na estrutura que motivou a adxudicación do contrato ao mediador ou o de calquera dos criterios de selección dos pregos que rexen o presente



**Concello de  
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax: 986 554 069

contrato, e especialmente a modificación das persoas integrantes do equipo asignado á execución do mesmo.

5.- A inclusión dun ou varios dos administradores ou directores xerentes en causa de incompatibilidade ou inhabilitación para o exercicio profesional ou mediador.

6.- A transformación do mediador en axente de seguros.

7.- As recollidas como infraccións graves e moi graves na Lei 26/2006 de Mediación.

8.- O cese no exercicio da profesión de corredor de seguros.

9.- A falsidade comprobada en calquera momento, polo Concello de Vilanova de Arousa dos datos ou documentos aportados polo adxudicatario na fase de licitación.

10.- A cesión do contrato ou a subcontratación pola empresa.

11.- A percepción de comisións distintas das establecidas no pregos reguladores da contratación.

12.- O rescate ou supresión das prestacións por razón de interese público.

13.- Incumprimento por parte do contratista das obrigacións establecidas con carácter preceptivo no presente prego.

Estas causas de resolución contéplanse, para todos os efectos, como incumprimento do contrato por culpa do mediador, polo que, si o contrato resólvese, ao mediador seralle incautada a garantía e deberá, ademais indemnizar ao Concello de Vilanova de Arousa os danos e prexuízos ocasionados.